



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA A MEDALLA “EMILIA PARDO BAZÁN” PARA O RECOÑECIMENTO DE ACCIÓNS RELEVANTES EN PROL DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Decreto polo que se crea e regula a Medalla “Emilia Pardo Bazán” para o recoñecemento de accións relevantes en prol da igualdade entre mulleres e homes”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Constitución española, no seu artigo 14, proscribe toda discriminación por calquera circunstancia persoal ou social e, no artigo 9.2, establece a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2, que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude a facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

No marco estatal a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no marco galego o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro de 2016, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, introducen a previsión de políticas activas para facer efectivo este principio de igualdade, recollendo expresamente que o dito principio “informará, con carácter transversal, a actuación de todos os poderes públicos e que as Administracións Públicas o integrarán, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades”.



2. Necesidade e oportunidade

O Goberno da Xunta de Galicia, consciente da importancia de promover a consecución dunha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos, e da necesidade de eliminar as barreiras, os estereotipos e os roles de xénero que o impiden, elaborou e aprobou varios instrumentos de planificación específicos con esta finalidade: o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020, así como o Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

Este decreto materializa o recoñecemento e a incentivación daquelas actuacións relevantes que, en prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, se desenvolven na Comunidade Autónoma de Galicia por parte de persoas, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas.

A condecoración que se crea a través deste decreto leva o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo; reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que tiñan os homes na súa época.

3. Estrutura e contido

O presente proxecto de decreto consta de 19 artigos.

Así mesmo este proxecto de decreto conta con unha disposición transitoria, dedicada o prazo de presentación de solicitudes, e dúas disposicións derradeiras, a primeira dedicada ao desenvolvemento normativo e a segunda dedicada á entrada en vigor do decreto.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)

Así, a Secretaría Xeral da Igualdade, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:



- Unha memoria xustificativa (artigo 41.3.a da LOFAXGA).
- Unha memoria económica (artigo 41.3.b da LOFAXGA).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.3.d da LOFAXGA).

Consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da LOFAXGA).

Unha vez recibida a documentación e, logo do seu estudo, o Servizo Técnico- Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe (artigo 41.3 c) da LOFAXGA)

Seguidamente, o Servizo Técnico-Xurídico obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.4 da LOFAXGA).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia, non formulando alegacións por parte de ningunha delas.

Con respecto aos trámites previos de consulta pública e audiencia establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non se consideran necesarios por canto o mesmo artigo exime do trámite de consulta pública cando a norma non ten impacto significativo na actividade económica, como é o caso, e respecto ao trámite de audiencia ás entidades interesadas, débese ter en conta que, no momento previo ten carácter potestativo e que, en todo caso, estas entidades, poderán realizar cantas achegas crean necesarias sobre o texto en tramitación no período de información pública.



De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Así mesmo, ao regularse no proxecto de decreto procedementos administrativos, foi preciso solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a tenor do previsto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

O 12 de abril de 2019 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos efectuou dous requirimentos en datas 3 e 15 de abril nos que solicitaba aclaracións sobre a memoria económica.

O 22 de abril de 2019 emitíuse informe favorable conxunto da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA.

Tras o envío dunha memoria económica corrixida, o 24 de abril de 2019 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o seu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

Finalizada a fase de documentación e consulta recollida previamente, o proxecto someteuse a informe da Asesoría Xurídica, que se pronunciou sobre cuestións de legalidade e técnica normativa, segundo o disposto no artigo 43.1 da LOFAXGA, emitindo o seu informe o 10 de maio de 2019, no que realiza unha observación relativa á redacción da disposición transitoria.

Co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, a Secretaría Xeral da Igualdade envía o texto definitivo coa redacción da disposición transitoria proposta pola Asesoría Xurídica

5. Legalidade

O proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado considérase que o proxecto de “Decreto polo que se crea e regula a Medalla “Emilia Pardo Bazán” para o recoñecemento de accións relevantes en prol da igualdade entre mulleres e homes”, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente.

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2019

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza